

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 1 DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BANDE PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NA ZONA TERMAL.

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 1 á que se refire a presente memoria e o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Bande, asinado o 8 de novembro de 2023, para o financiamento da redacción dun Plan especial de infraestruturas e dotacións na zona termal.

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Bande o instrumento convencional arriba referido.

4.- Obxecto

O obxecto da addenda é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Bande para o financiamento da redacción dun Plan especial de infraestruturas e dotacións na zona termal.



5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Bande, mediante escrito do 28 de novembro de 2024, solicita unha reunión da Comisión de Seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos que constitúen o obxecto do convenio.

A comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 15 de xaneiro de 2025 formula unha proposta de reaxuste das anualidades do convenio á realidade das execucións do obxecto contractual subvencionado.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Urbanismo

